

# INFORMACIÓN A MEDIOS

Intervención Ourense en Común  
pleno reprobación D. Jesús Vázquez Abad  
(Alcalde do Concello de Ourense) 08/02/2016

Orientación do voto: **ABSTENCIÓN**

---

Hoxe luns **non se celebraba un pleno ordinario**, o fin do debate no salón nobre do Concello de Ourense non era procurar un consenso maioritario para promover solucións ás demandas das veciñas e veciños do noso municipio. Non habían propostas en materia social e de benestar, emendas nin preguntas sobre esta ou aquela infraestrutura. O pleno extraordinario convocado para hoxe luns oito de febreiro de dous mil dezaseis ás nove horas supuxo a apertura dun **foro de debate motivado unicamente por unha estratexia política partidista**.

Dende Ourense en Común consideramos que ese **non é o espazo nin a praxe, xa que logo as persoas alí presentes fomos escollidas para solucionar os problemas da comunidade e non os intereses dos partidos políticos**. Así é que neste pleno consumíronse tempo e recursos municipais na creación dunha escenografía de debate máis propia dos medios de comunicación en tempo electoral que dun órgano de xestión que atende ás demandas das veciñas e veciños de Ourense.

Malia a todo, se a cuestión era abrir ese foro de debate político e querían escoitar a opinión de Ourense en Común sobre unha eventual reprobación do alcalde, escoiten: **OURENSE EN COMÚN REPROBA A ACTUACIÓN DOS TRES GRUPOS MUNICIPAIS**.

**Entendemos que esta proposta de reprobación é precipitada**, máis aínda cando está en proceso de borrador os orzamentos municipais de 2016 que deixará as claras cales son as prioridades deste goberno albiscadas na modificación de crédito de inicios de mandato. Pero que ninguén se confunda, especialmente as **concelleiras e concelleiros do Partido Popular. É a súa incapacidade manifesta para o diálogo e o consenso, aínda estando en minoría**, a que lle permite a Democracia Ourenseana vestir minimamente esta reprobación como algo máis que atender a súa estratexia de presión para que o Partido Socialista apoie unha eventual moción de censura.

Que sexa precipitada non quere dicir que Ourense en Común aprobe a labor de goberno de D. Jesús Vázquez Abad como alcalde deste concello. Así é que **somos o grupo municipal con representación plenaria máis afastado da súa proposta política**. E para comprobalo só teñen que confrontar o seu programa electoral e declaración de principios cos nosos.

NON compartimos a súa **lóxica asistencialista** en materia de política social.

NON compartimos as súas **prioridades de gasto** onde as necesidades da xente son sempre un medio para perpetuar o seu poder institucional e non un fin en si mesmo.

NON compartimos a súa **política ambiental ou de custodia do territorio**, se saben sequera o que é.

NON compartimos o seu **concepto de democracia** onde escoitar o que os seus veciños teñen que dicir é ineficiencia ou desgobierno.

NON compartimos o seu **modelo de xestión**, sempre en favor da empresa privada e en detrimento do público.

NON compartimos o seu o seu **concepto de aforro** deixando de lado as mulleres vítimas de violencia machista namentres este alcalde é dos mellores pagados do país.

### **Que ninguén se confunda!**

Se para que o seu goberno convoque a **Mesa da Mobilidade** con multitude de colectivos e permita por fin deseñar unha estratexia de humanización da cidade, temos que **traballar a reo** para que despois o señor alcalde saque unha foto sen nin sequera mencionar ao grupo do que parte a iniciativa, **FACÉMOLO!!**

Se temos que soportar as **burlas e as descualificacións** das súas concelleiras cando temos **sospeitas fundadas de que unha concesionaria está a incumplir o prego de contratación** e queremos investigar, tragamos sapos e **FACÉMOLO!!**

Se temos que **deixar o lombo protexendo do ataque político de Democracia Ourensana ás traballadoras e traballadores do servizo municipal de bombeiros** porque o seu goberno non o fai, **FACÉMOLO!!**

Traballamos, tragamos sapos e poñemos o lombo, pero que ninguén se confunda. Dos tres grupos na oposición somos o que nos situamos máis lonxe das súas políticas. Sabemos moi ben onde estamos e a quen defendemos, precisamente a esa **maioría social vítima das súas políticas de austericidio, privatización e corrupción.**

Reprobamos a labor deste goberno do Partido Popular pero tamén a labor de oposición feita por Democracia Ourensana e Partido Socialista.

**Desaprobamos a labor de oposición do Partido Socialista** que dende a súa bancada acúsasenos de facerlle o traballo ao Partido Popular e actuar de “pinza” como oposición da oposición. Seguen analizando a realidade política municipal como gobernaron este concello na anterior lexislatura. **Primando as súas necesidades e antepoñendo os seus intereses aos das veciñas e veciños de Ourense.**

**Ourense en Común non lle fai o traballo ao Partido Popular, Ourense en Común traballa por mellorar este concello.** Así propoñemos iniciativas contundentes de transparencia, rendición de contas e investigación de contratos públicos. Algunhas sorprendentemente votadas en contra polo seu propio partido.

Propuxemos a creación dun **órgano xestor municipal en materia de patrimonio** cultural e natural e quedamos sos na súa defensa. Un mes despois comprobamos as consecuencias de carecer do mesmo e este grupo presenta unha moción sobre o problema de abandono e venta do Mosteiro de Santa Comba de Naves pero segue sen apoiar a proposta.

**Ourense en Común traballa por mellorar a xestión municipal, sen mirar o rédito electoral e o beneficio que o Partido Popular pode sacar do mesmo.** Porque é iso o que se pedía nas rúas, acabar co *“turnismo e o quítate ti para poñerme eu”*. **A nosa presión ao goberno fixo que se convocaran as 8 prazas de cabos de Bombeiro de promoción interna.** Consulten os prazos da convocatoria, todo o procedemento foi iniciado despois da nosa moción.

Pola contra é este **grupo socialista o que mantén o *status quo* da vella política votando a favor dunha modificación de crédito que comparte prioridades de gasto co Partido Popular** como gastar un millón de euros en publicidade e propaganda institucional. Namentres xogan con Democracia Ourensana a desestabilizar, bloquear ou crear un clima de ingobernabilidade na xestión municipal.

Con todo o respecto, e dende a maior proximidade no que a proposta programática refírese, deben decidir que camiño seguir. Avanzar na renovación democrática desta institución e **facen unha oposición responsable e construtiva ao servizo das veciñas e veciños de Ourense onde os resultados electorais o situaron no mes de maio e como dixeron que farían despois de perder a metade dos seus edís;** ou experimentar un goberno cun partido político como Democracia Ourensana que dálle igual pactar co Partido Popular que con Partido Socialista namentres tivese a oportunidade de tocar poder.


E desaprobamos, por último, a labor de oposición do grupo Democracia Ourensana, quen **fundamenta a súa proposta de reprobación en tres puntos:**

1º) **Non conseguir investimentos dos seus gobernos amigos de Rajoy e Feijoo**, co que implicitamente están aprobando unha práctica que é ter máis ou menos recursos do erario público en función da afinidade política nas diferentes administracións. Que acontecería logo se un grupo como Democracia Ourensana chegara a gobernar? Non criticaría non recibir investimentos por non ter ningunha cor política afín en Santiago ou en Madrid? Entra así este grupo nunha absoluta CONTRADICCIÓN.

2º) **Desleixo por parte do equipo de goberno no cumprimento das mocións plenarias**, polo que deciden deixar de presentar mocións e votalas nunha clara omisión directa das súas funcións e obrigas deixando, novamente nunha absoluta CONTRADICCIÓN, todo o poder do pleno en mans do Partido Popular.


Se en verdade o grupo Democracia Ourensana quere abrir un debate serio sobre o carácter vinculante sobre as mocións plenarias instámolos a TRABALLAR e que presenten unha proposta de modificación do regulamento municipal que aumente os compromisos do Equipo de Goberno sen que entre en contradición con disposicións superiores. De ser así Ourense en Común participará e fará participe á cidadanía do debate. Pero para iso hai que traballar, algo ao que este grupo non está acostumado como amosan as gráficas axuntas onde, malia a contar con máis do triple de recursos que o noso grupo a súa labor de fiscalización e control é sempre menor.

#### XUNTA DE ÁREA DE FACENDA E SERVIZOS XERAIS (15/07/2015 - 30/12/2015) **PREGUNTAS, ROGOS, REQUERIMENTOS DE DOCUMENTACIÓN - FISCALIZACIÓN E CONTROL**




**Nota:** contacto mediante correo electrónico en [ourenseencomun@ourense.gal](mailto:ourenseencomun@ourense.gal)  
contactos para entrevistas telefónicas: Montse Valencia / 988 38 81 82 / 655 23 02 59

XUNTA DE ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA (15/07/2015 - 30/12/2015)  
**PREGUNTAS, ROGOS, REQUERIMENTOS DE DOCUMENTACIÓN - FISCALIZACIÓN E CONTROL**




XUNTA DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL (15/07/2015 - 30/12/2015)  
**PREGUNTAS, ROGOS, REQUERIMENTOS DE DOCUMENTACIÓN - FISCALIZACIÓN E CONTROL**



Nota: contacto mediante correo electrónico en [ourenseencomun@ourense.gal](mailto:ourenseencomun@ourense.gal)  
contactos para entrevistas telefónicas: Montse Valencia / 988 38 81 82 / 655 23 02 59

XUNTA DE ÁREA DE CULTURA E TERMALISMO (15/07/2015 - 30/12/2015)  
**PREGUNTAS, ROGOS, REQUERIMENTOS DE DOCUMENTACIÓN - FISCALIZACIÓN E CONTROL**



Gráficas, que poderían ser máis, que amosan como pouco ou nada interésalle ao Sr. GP Jácome e ao seu grupo o bo discorrer do Concello de Ourense. O seu único interese pasa por ser alcalde, non saben nin sequera para que, pero ese é o seu único obxectivo nesta corporación e ese é o fin desta reprobación plenaria..

3º) Por último, e ao que dedican menos espazo na súa exposición de motivos: **retraso na aprobación dos orzamentos**, único punto que para Ourense en Común, non agora senón rematado o proceso negociador e analizada a súa prioridade de gasto, podería ser motivo de reprobación, pois esa si será a **primeira grande decisión de Jesús Vázquez como alcalde**. Se a toma aferrándose a posibilidade de aprobar os orzamentos en Xunta de Goberno Local, sen escoitar aos grupos e as súas prioridades si debería ser reprobado ao estar gobernando en minoría e antepoñendo os seus intereses aos da maioría da veciñanza de Ourense.

En conclusión, dende Ourense en Común entendemos que esta proposta de reprobación non é nin polas mocións aprobadas que non se cumpren, nin pola xestión municipal. Todo isto é a antesala, como o propio GP Jácome a definiu, dun acordo que non foi quen de acadar en Xuño.

Así é que de querer reprobado ao Partido Popular e a súa labor de goberno debería facelo a diario. Porque **reprobación faise todo os días, sendo o grupo que máis información solicita nas xuntas de área, que máis fiscaliza ao goberno.**

Reprobación faise **investigando e denunciando** irregularidades no matadoiro, conseguindo prazas novas para o corpo de bombeiros,

Reprobación faise **confrontando** unha modificación de crédito que non prioriza á emerxencia social.

Reprobación faise a diario **nas comisións** aportando emendas ou cun traballo fundamentado na mesa de mobilidade.

A reprobación faise a diario, **nas mesas, nas xuntas, nas comisións, nas mocións, nos posicionamentos e non na prensa, na tv, nos medios de comunicación.**

Señores e señoras de Democracia Ourensana que promoven esta proposta de reprobación, sexan valentes, a aritmética non falla, **vostedes teñen maioría para presentar unha moción de censura.** Se pensan que terán o respaldo dos seus votantes e militantes para conformar un goberno de coalición Democracia Ourensana – PSOE presenten unha moción de censura e déixense de xogar. Fágano sobre un proxecto de cidade e puntos concretos de goberno si é que os teñen. **DO CONTRARIO deixen a estratexia política e póñanse a traballar nas necesidades e demandas das veciñas e veciños de Ourense.**

E non llo imos a dicir nós, vaillo dicir unha antiga compañeira do seu grupo político. Escóiten a gravación.